



O grupo municipal do BNG en Celanova a través do seu concelleiro Leopoldo Rodríguez Puga, ó abeiro do disposto na LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALIZA e demais disposicións, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA REACTIVAR O COMERCIO LOCAL** quedando á espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e, se procede, posterior aprobación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Oito meses despois de declararse a pandemia, o futuro está en cuestión, e de como reaccionemos hoxe, con que forza e convicción e acerto o fagamos, dependerá de que nos vaia mellor ou peor como COMUNIDADE nos próximos meses e anos.

Para moitas das nosas veciñas e veciños desafortunadamente a perspectiva redúcese xa non a anos, senón a meses. O tecido comercial, que é tecido social, está en RISCO. E o risco é GRAVE.

Nós, desde o BNG de Celanova, advertímolos antes de xuño e pedimos que se convocase un pleno urxente en canto o primeiro golpe da pandemia o permitise. Non se fixo. En xuño, o BNG e o PP coincidimos en propostas para REACTIVAR INMEDIATAMENTE A ECONOMÍA LOCAL. Mais tampouco se nos fixo caso.

HAI PROPOSTAS ACORDADAS NO PLENO DE XUÑO QUE ESXIMOS QUE SE POÑAN EN MARCHA INMEDIATAMENTE. Ese é o primeiro acordo que reclamamos.

Farei un breve resumo do acordado:

- Crear, antes dun mes, unha Oficina municipal de orientación que informe e asesore ás familias, aos autónomos, ás traballadoras e traballadores sobre as axudas dispoñíbeis e as oriente na tramitación.
- Acordamos tamén que se estudaría a posibilidade de suspender taxas municipais para todas aquelas persoas que o soliciten ou, no seu defecto, dar facilidades mediante medidas de pago fraccionado ou aprazamentos.

- Acordamos unha rebaixa do IBI até o 0,4% que establece o límite no tramo municipal para os dous próximos anos.
- Tamén se aprobou dispoñer un fondo de axudas destinado aos autónomos por gastos derivados da necesaria adaptación da actividade ás novas circunstancias, e levar adiante un plan de impulso as feiras dos xoves na vila e recuperación do feirón mensual do 29.

Estas propostas foron presentadas nunha reunión que representantes do BNG mantivemos con seis representantes de Celanova CHEA, a asociación de comerciantes de Celanova que agrupa a máis de cen negocios. Os comerciantes dixeron que lles parecen imprescindíbeis para parar o primeiro golpe da crise.

Nesa mesma reunión coincidimos en determinadas propostas e pensamos que debían ser eles quen as trouxeran hoxe a pleno. Coincidimos na proposta dunha plataforma de mercado dixital, na creación dun servizo de reparto e en ofrecer incentivos ao consumo a través de bonos.

Pola nosa banda, engadimos iniciativas complementarias para ir desenvolvendo a medio prazo, entendendo que o medio prazo é moi curto pola situación de emerxencia e non se deben demorar máis alá do primeiro trimestre de 2021.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno Municipal a cumprir inmediatamente os acordos adoptados no pleno de xuño de 2020 en materia económica.
2. Instar ao goberno municipal, en colaboración cos produtores e as asociacións de comerciantes, a elaborar unha Guía de circuitos curtos de consumo, sen intermediarios —ou reducindo ao mínimo a intermediación entre produtores e consumidores— pensado para a venda directa de produtos frescos ou de tempada. Esta guía incorporárase á web do mercado virtual.
3. Instar ao goberno municipal, en colaboración cos comerciantes, a implementar mecanismos de formación para os comerciantes, hostaleiros e outros oficios en tecnoloxías e técnicas de venda *on line*, formación para a mellora das prestacións de negocios, e formación, asesoramento e acompañamento para a creación de cooperativas e

novas empresas. Así como a fomentar o asociacionismo cara a creación de estruturas de cooperación sectorial e transversal entre os comerciantes, hostaleiros, oficios e técnicos municipais de desenvolvemento.

4. Instar ao goberno municipal a desenvolver e promover os espazos municipais de co-working tanto para empresas como para profesionais desprazados.
5. Instar ao goberno municipal á elaboración dunha enquisa para coñecer con maior precisión a situación do sector en Celanova e producir unha diagnose sobre as empresas e o mercado que axude a orientar as políticas públicas municipais.
6. Instar ao goberno municipal a promover un banco de locais comerciais baleiros e en desuso, con oferta en réxime de alugueiro accesíbel, e co Concello de Celanova implicado como avalista para moderar os prezos. E implementar accións para achegar oferta e demanda mediante publicidade dos locais.

Celanova ,17 de novembro de 2020

Asdo. Leopoldo Rodríguez Puga.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CELANOVA.